

1ª XUNTANZA DE AULA.

BENVIDA.

En primeiro lugar, benvidos a todos/as a esta xuntanza e grazas pola vosa asistencia. Estamos aquí para falar do que será a dinámica de aula durante o curso, a adaptación e outros temas de interese e tamén para coñecernos un pouco, aclarar dúbidas...

PEDIR 8 FOTOS CARNET

PRESENTACIÓN.

- **Presentación do persoal:**

-Alcira (titora) e Inés (apoio). Aula 2: Laura (titora) e Mila (apoio).

- No centro temos unha cociñeira e unha axudante de cocina, que son as que elaboran a comida da Escola.

- Temos unha profesora de Lingua Inglesa que comezará en Xaneiro e estará 5 minutos luns mércores e venres, e unha aproximación a esta lingua xa que é moi produtiva para eles e elas, pois cando teñen máis idade notase moito.

- **Presentación da escola:**

- A escola ten oito aulas e abarca o Primeiro Ciclo de Educación Infantil (0-3 anos) ; 2 de 0-1, 3 de 1-2 e 3 de 2-3 anos.

- As dúas aulas de 0-1 teñen un traballo conxunto en ciclo e a súa vez coordinado dende a comisión de coordinación pedagóxica.

- Para nós a Educación Infantil non só ten un carácter asistencial senón que é unha etapa educativa e seguemos unha programación de aula con actividades deseñadas para levar a cabo, xa que esta ten unhas actividades específicas , deseñadas que hai que levar a cabo. Estas actividades comezarán no 2º trimestre.

- A escola cada ano ten unha temática diferente que é elixida polo claustro e que está presente durante todo o curso.

- En definitiva é unha escola moi aberta e activa, que lle dá moita importancia á participación dos pais/nais.

- **Presentación da aula:**

- Polo momento hai 2 nenas e 3 nenos, nados a partir de Abril do 2019.

- **Presentación dos espazos:**

- Toda esta Planta Baixa pertence as aulas de bebés e dormitorio.

- Dentro da aula, cada neno/a ten un sobre co seu nome, que serven para deixar as información.

- Tamén temos un “Libriño Viaxeiro”, que será moi importante para intercambiar información entre a Escola e a casa, e que deberedes cubrir diariamente para así contarnos as cousas importantes do neno/nena. Dicir se durmiu ben, se lle esta saíndo un dente ..., tamén por si queredes deixarme algún recado. Da mesma forma nos tamén deixaremos recados para vós (que tal comeron, durmiron, se necesitan máis cueiros,...). Deberedes levalo e traelo todos os días.

- Fóra da aula hai un “Panel de pais/nais“ onde se colocará todo tipo de información para vós e tamén haberá un “Caderno de aula” na que contraémosvos actividades e os acontecementos do día, que comezaremos a escribir a partir de Xaneiro.

- **Presentación dos pais/nais**

-Agora vou a pedirvos que vos presentedes e digades de quen sodes pais/nais, si xa tiveches algún fillo/a escolarizado nesta escola, cales son as vosas expectativas en canto á adaptación e o curso...

ADAPTACIÓN.

Falaremos agora do Período de Adaptación.

No primeiro lugar é un proceso marcado pola lexislación.

Nós dámoslle moita importancia xa que o que pretendemos é que o neno/a sexa capaz de quedar tranquilo na aula. A min en particular axúdame para ir pouco a pouco a coñecéndoos máis, e saber cales son os seus ritmos e tamén eses pequenos “trucos” que vos utilizades cos nenos/as para calmalos, durmilon, darlles de comer...

Esta situación o que trae consigo é cambios no comportamento, nos ritmos de sono, nas comidas,... xa que nesta idade calquera cambio na rutina habitual do neno/a cóstalles asimilalo. Por iso nesta aula imos dedicar o 1º trimestre á adaptación: a adaptación na aula, a nós e sobre todo ós outros nenos/as que normalmente é o que máis lles custa, e tamén a ESTIMULACIÓN SENSO-MOTRIZ (lucos, sons, tactos,...). A partir de Xaneiro incorporaremos outros centros de interese do noso ciclo (por exemplo: os sentidos, a granxa, a auga.).

Para superar este período temos que darlles ós nenos/as moita **confianza, seguridade** e o **tempo** necesario para familiarizarse coa escola.

Algunhas pautas e estratexias a ter en conta para un bo funcionamento deste período:

- Boa comunicación entre nós.
- Que a súa asistencia sexa continuada.
- Falar en voz baixa, senón moitas voces xuntas fan moito barullo.
- Sentarse no chan.

AVISOS.

- As Titorías: se algún día queredes quedar co mestre para falar sobre a evolución do neno, só tedes que dicirnos, podemos localizalos ou falar con nos fora do horario de aula.
- **Os Horarios:** é moi importante que respectedes os horarios. A hora de entrada é as 10:00h e como moi tarde as 10:15h, xa que a dinámica da xornada comeza a esa hora e non poderemos darlle o recibimento adecuado. A hora de saída é de 12:45-13:00h. Despois hai un horario flexible que é de 8:00-10:00 no que poden entrar paulatinamente e de 13:00 a 16:00h.
- Se algún neno/a precisa tomar algún medicamento mentres está na escola (mellor facer coincidir a toma fóra do horario escolar), o adulto deberá firmar unha autorización e chamar á hora da toma, ademais de traer un certificado médico que é imprescindible darlle o medicamento dentro do horario da escola. Se vén alguén a dar a medicación ao neno, sen ser os pais, estes deberán firmar un papel autorizando a dita persoa.
- En caso de que o neno/a se poña enfermo non pode estar na escola, porque non sería bo nin para el/ela nin para os demais nenos/as, co cal chamaremos á casa, xa que na escola non se dan antitérmicos e a partir de 37,5 é febre. Se marcha da escola con febre non debería volver ao día seguinte. Esperar polo menos 24 horas. Tamén se vos agradecería que chamedes cando os vosos fillos/as están enfermos e non veñan a escola.
- Se o neno presentase algún síntoma grave ou se dese un golpe e non puideramos esperar, o responsable de levalo/a a Urgencias sería neste caso o titor ou titora. (Modelo ou hospital que nos marque o seguro da Escola),
- Debedes poñer calzas para entrar na aula por cuestións de hixiene.
- Os biberóns: tédelos que traer coa auga e o leite medidos, listos para mesturar e quentar no microondas.

- Se non queredes que beba auga da billa deberedes traer auga embotellada. Se traedes leite materno, non pode vir conxelado.
- A comida deberá vir ou quente nun termo ou fría nunha neveira. **Os alimentos novos deberedes de ir introducíndollos primeiro na casa.**
- A partir do ano pasan a comer purés da escola xa poden comer de todo. (Os nenos con alerxias ou intolerancias traerán da casa).
- Calquera cambio na alimentación deberedes comunicalo: cando comezan co sólido, coas galletas...
- Almorzos, máis adiante: son comúns, o que traíades terá que ser para todos.
- Tódalas cousas do neno/a (roupa, xoguetes,...) teñen que vir co **nome ben marcado.**
- O mandilón deberá ter Velcro e goma nos puños (Non é necesario traer o mandilón ata o mes de xaneiro).
- Se un neno/a non ten muda, cóllese prestada doutro neno/a que se devolverá lavada, por suposto. De todas formas procurade que teñan unha muda completa.
- Hai que avisar cando haxa algún cambio na persoa que o vén a buscar. Traer as fotocopias do DNI das persoas autorizadas nun sobre co nome do neno .
- Non poden recoller aos nenos menores de idade.
- Nos Aniversarios : Non se poden traer chuches xa que son moi pequenos, pero si que se pode traer un biscoito.
- Aumento de horario en Setembro ou Outubro tedes que falalo con nós e tamén na oficina. Para reducir ou ampliar horarios terá que ser antes do 25 do mesmo mes.
- Non se poderá aumentar horario en xuño e xullo (sobre todo no comedor).
- Prepararse para os malos momentos : conflitos, caídas, golpes, encontros entre eles...
- Recordar que as normas administrativas están na entrada e que deberedes botarlle un ollo.
- Non se pode deixar as cadeiras dos nenos na escola.
- Á volta do Nadal teremos a segunda Xuntanza de aula.
- O funcionamento da escola nos períodos de vacacións é diferente. Hai reorganización do persoal e dos nenos. Estes días serán no Nadal, Semana Santa e Xullo. Lembraide que no mes de xullo o horario é de 8 a 15.

- Non colgar fotos en internet.
- Ao longo do curso haberá dúas festas con pais. O Nadal e O Entroido. Os nenos deberan vir acompañados por UN ADULTO. (Comentar como son as festas). Duración: sobre 1 hora. Importante participación familias.
- Nas SAÍDAS os nenos deberán tamén ir acompañados dun adulto por neno. A saída prevista neste ciclo será a comezos de xuño a piscina de Arkhé, en Monte Alto. Iremos en coches particulares (mínimo de 5 nenos).

DÚBIDAS E PREGUNTAS.